



Concello de  
**OURENSE**

## **47/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE OUTUBRO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o vinte e oito de outubro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2021.

### **AVOGACÍA CONSISTORIAL**

**2.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 193/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 193/21, interposto por D<sup>a</sup> Pacita Prieto Villarino contra o Acordo do Pleno de 27 de maio de 2021 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria pola que desestima o recurso de reposición fronte a Resolución de 10 de xullo de 2019 pola que traía instrución do procedemento de comprobación limitada polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (704,97€). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fíxose para o día 11/05/2022.

**3.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 194/21.**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 194/21, interposto por D. Francisco José Ovejero García contra o Acordo do Pleno de 27 de maio de 2021 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio do recurso de reposición fronte a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria de 13 de marzo de 2018 polo que o expediente de comprobación limitada aproba as liquidacións polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (3.516,85€). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 11/05/2022.

#### **4.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 283/2020.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e interpoñer** recurso de apelación diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza de 15 de outubro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso contencioso-administrativo núm. 283/2020. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **5.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 195/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 195/21, interposto por D. Carlos Gómez Arias contra o Decreto de 1 de xuño de 2021 do Concelleiro de Recursos Humanos, desestimando a reclamación sobre pensión compensatoria por xubilación. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 22-03-2022.

#### **6.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 212/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:





**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 212/21, interposto pola Comunidade Hereditaria de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Julia Cristina Álvarez Rivero contra o Acordo do Pleno de 27 de maio de 2021 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestimaba a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto fronte a desestimación por silencio da solicitude de rectificación de autoliquidación polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (3.998,85 €). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 10/05/2022.

**7.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 218/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 218/21, interposto por D. David Prol Novoa contra o Acordo de Pleno de 27 de maio de 2020 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestima a reclamación económica-administrativa interposta fronte á Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria pola que se archiva a solicitude de suspensión de execución da autoliquidación polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (27.772,40 €). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 19/04/2022.

**8.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 208/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 208/21, interposto por D. Miguel Ángel Valado Dapía contra o Acordo do Pleno de 27 de xullo de 2021 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio da solicitude de rectificación das liquidacións polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (15.647,14€). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei



29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 15/06/2022.

**9.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 217/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 217/21, interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús e D. Vicente Rodríguez González contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación económica-administrativa interposta o 22 de setembro de 2020 ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, fronte as autoliquidacións polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (7.514,32 €). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 23/03/2022.

**10.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 226/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 226/21, interposto por D<sup>a</sup> Antonia Álvarez Reza contra o Acordo do Pleno de 27 de xullo de 2021 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación por silencio administrativo da solitude de rectificación de autoliquidación polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (2.645,91 €). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 10/05/2022.

**11.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 64/2020-E.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza núm. 211/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 64/2020-E, promovido por JUNTA DE COMPENSACION DEL POLIGONO DE LA ZONA 4 DEL SU-25 contra o acordo da XGL de 30 de maio de 2019, polo que recórrese o acordo da XGL do Concello de Ourense, adoptado en sesión ordinaria do 30 de maio de 2019, polo que se acorda a concesión directa de determinados espazos no subsolo dos espazos libres públicos, para a construción de prazas de garaxe.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Contratación e Urbanismo (Planeamento e Xestión) para o seu coñecemento e efectos oportunos.



**12.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Abreviado 3/2021-E.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza núm. 215/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Abreviado 3/2021-E, promovido por SACYR SOCIAL S.L., contra o impago de intereses derivados da deuda xerada pola prestación do Servizo de Axuda a Domicilio.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Benestar Social para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**13.- Dar conta que o Concello de Ourense foi emprazado polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Ourense, no P.O. 937/21.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Retirar** este asunto da orde do día para un mellor estudo.

**SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

**LICENZAS**

**14.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio da rúa Francisco de Llorens, 13. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021018962.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** á “Comunidade de Propietarios C/ Francisco de Llorens Nº 13”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Francisco de Llorens número 13, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Rafael Nogueiras Mascarenhas, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Alexandre Fernández Suárez, e cun orzamento de execución material de 53.752,89 euros.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.



Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 19 de outubro do 2021 e ó informe xurídico de data 22 de outubro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, del Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debéndose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha





altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

## **APERTURAS**

### **15.- "SALTOKI A CORUÑA S.L."- EXPTE. APERTURAS 2018016143.- Licenza de obra e de actividade para proxecto básico e de execución de reforma e acondicionamento para almacén e distribución de produtos de construción na Carretera Nacional 120 KM 574, Outariz.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Aprobar** a petición de "SALTOKI A CORUÑA, S.L.", co CIF.- B70447032, o proxecto básico e de execución de reforma e acondicionamento para almacén e distribución de produtos de construción na Estrada Nacional 120, KM 574 -Outariz-, consonte ó proxecto presentado e redactado polas enxeñeiras industriais dona Alba Arana López e don Adrián Pérez Riveiro, quenes asumen a dirección das obras, cun orzamento de execución material de 62.455,77 €, de conformidade cos informes técnicos e xurídico emitidos ao respecto.

**2.- Requerir** ó interesado para que achegue o certificado final de obra, asinado polo técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, advirtíndolle que non exerza actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Técnica Municipal de data 14 de setembro do 2018; do Oficial de Incendios do Servizo contra Incendios e de Salvamento de data 11 de outubro do 2021; do informe da Enxeñeira Técnica Industrial Municipal de Control Acústico de data 30 de maio do 2018, e, ó informe xurídico de data 25 de outubro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante



o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condições xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.





En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**16.- "INVERSIONES VOLTERRA, S.L.", representada por Juan Luis Brasa Gómez.- Expediente de Aperturas 2021016865.- Licenza de obra para proxecto de adaptación de local para bar restaurante na Praza Santa Eufemia, nº1-baixo, de Ourense.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a INVERSIONES VOLTERRA S.L., con NIF B-32325623, representada por Juan Luis Brasa Gómez, con NIF \*\*\*96.32\*\*, licenza de obra para proxecto de adaptación de local para bar restaurante na Praza Santa Eufemia nº 1 – baixo de Ourense (con referencia catastral 3781613NG9838S1001DE), consonte ao proxecto e máis os anexos redactados polos arquitectos Alfredo Freixedo Alemparte e Pedro Diéguez Iglesias, quenes asumen a dirección facultativa das obras, cun orzamento de execución material de 30.300,00 euros, e de conformidade cos informes da xefa territorial da Consellería de Sanidade de Ourense de data 11 de maio de 2021, da enxeñeira técnica industrial de data 7 de xuño de 2021, da arquitecta técnica municipal de 28 de setembro de 2021, do aparelador municipal do servizo de Prevención, Extinción de Incendios, Salvamento e Protección Civil de 11 de outubro de 2021 e co informe xurídico de 21 de outubro de 2021, dos cales se achega copia a efectos de motivación.

**2.- Requerir** aos interesados para que acheguen o certificado final de obra asinado por técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axustadas á licenza outorgada, e a comunicación previa ao inicio de actividade, advertíndolle que non poderá exercer actividade mentres non obteña a licenza de ocupación, por ser esta conditio sine qua non para exercer actividade, así coma o conforme documental do acto comunicado, baixo apercibimento no caso de incumprimento de peche e precinto.

**3.- Requerir** aos interesados para que acheguen, con carácter previo ao inicio da actividade, informe de comprobación que reúna os requisitos esixidos polo art.11 apdo.2. do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, debendo ser elaborado de acordo cos requisitos que establece o art.12 do citado Decreto 106/2015. Do mesmo xeito deberán aportar certificado de instalación dos correspondentes sonógrafos, tal e como recolle a enxeñeira técnica industrial no seu informe de data 7 de xuño de 2021.

**RÉXIME DE RECURSOS-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto



expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións urbanísticas:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



**SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO**

**PATRIMONIO**

**17.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais causados nun sinal vertical na rúa Río Sil.-Expediente 2018040279**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Requerir** a don José Manuel Malvido Rodríguez (NIF \*\*\*9528\*\*), para que pague ao Concello de Ourense a suma de noventa e tres euros con corenta e tres céntimos (93,43€) en concepto de indemnización polos danos causados nun sinal vertical situado na rúa Río Sil o día 15 de outubro de 2018, cando conducía o vehículo marca NISSAN modelo CABSTAR, con matrícula 4886 – FXT, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsables solidarias a compañía aseguradora HELVETIA (NIF A41003864) e a mercantil MANUEL CIBEIRA E HIJOS, SL (NIF B32154783) titular do automóbil, advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da Avogacía Consistorial para que exercite as acción legais oportunas.

**2.-** Que no caso de que non se atenda o requirimento de pagamento a Avogacía Consistorial exercite as accións xudiciais oportunas para obter o resarcimento dos danos causados por don José Manuel Malvido Rodríguez nun sinal vertical situado na rúa Río Sil o día 15 de outubro de 2018, cando conducía o vehículo marca NISSAN modelo CABSTAR, con matrícula 4886 – FXT e dos que son responsables solidarias MANUEL CIBEIRA E HIJOS, SL, titular do automóbil, e a compañía aseguradora HELVETIA.

**3.- Notificarlle** a don José Manuel Malvido Rodríguez, á mercantil MANUEL CIBEIRA E HIJOS, SL, e a compañía aseguradora HELVETIA o informe xurídico de data 13 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

**18.- Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos materiais causados nun sinal de tráfico na rúa Cruceiro Quebrado.- Expediente 2019024742**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Requerir** a dona Albertina Ester de Filippe Victorio (NIF \*\*\*0731\*\*) para que pague ao Concello de Ourense a suma de cento vinte e tres euros con corenta e tres céntimos (123,43 €) en concepto de indemnización polos danos causados nun sinal de tráfico de prohibido parar e estacionar situada na rúa Cruceiro Quebrado, o día 3 de maio de 2019, cando conducía o vehículo marca Renault, modelo Espace, con matrícula 7080-CGN, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsable solidaria a compañía aseguradora AXA (NIFA-60917978) advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da Avogacía Consistorial para que exercite as accións legais oportunas.

